

ENXEÑEIRAS PIONEIRAS GALEGAS

**BERMEJO, MANUEL R.; FERNÁNDEZ FARIÑA, SANDRA;
FERNÁNDEZ GARCÍA, M. ISABEL; GÓMEZ FÓRNEAS, ESTHER;
GONZÁLEZ NOYA, ANA M.; MANEIRO MANEIRO,
MARCELINO; MARTÍNEZ CALVO, MIGUEL;
PEDRIDO CASTIÑEIRAS, ROSA; RODRÍGUEZ SILVA, LAURA;
ROMERO CASTRO, MARÍA J.; ROUCO MÉNDEZ, LARA; VELO
HELENO, ISABEL**

*Grupo de Innovación Docente CienciaNOSA
Universidade de Santiago de Compostela*

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, BEATRIZ

IES Ánxel Fole

GARCÍA SEIJO, M. INÉS

IES Lucus Augusti

1. Introducción

Nesta comunicación presentamos ás mulleres galegas pioneiras en Enxeñería que no século XX estudaron as carreiras universitarias de Enxeñaría Agrónoma e de Montes.

Continuamos así cos estudos do comezo da presenza da muller na universidade e, máis concretamente, nas carreiras consideradas STEM (Farmacia, Medicina, Física, Química, Matemáticas e Enxeñarías); mostraremos as dificultades do seu ingreso na universidade, que no caso das enxeñeiras foi máis tardío que nas outras carreira e o desenvolvemento da súa actividade profesional, para que así sexa coñecida o seu labor e valorado no seu xusto feito.

Con esta visión feminista amosamos ás que desenvolven a práctica docente e máis as novas xeracións o camiño xa percorrido para deixar patente o noso agradecemento ás loitadoras polo dereito a facer unha carreira universitaria á par que as recoñecemos como exemplo e incidimos no que aínda nos queda por conseguir. Rescatar e poñer en valor estas pioneiras é contar esa metade da historia que está por contar, así como sentar as bases sobre as que se basearon e desenvolveron os estudos e profesións das mulleres actuais que nun número pequeno pero importante xa vai formando parte do mundo científico e tecnolóxico.

María Luisa Pérez-Soba y Baró (1930-2020) foi a 1ª Enxeñería Agrónoma de Galicia (1959) e a quinta en España (Fernández García e Gómez Fórneas, 2022); a súa promoción foi a 99 o que nos indica a dificultade da muller nas enxeñarías. Pasaran 23 anos desde que **Isabel Torán Carré**, a primeira enxeñeira agrónoma, licenciárase no ano 1935-36 e 30 anos desde que **Pilar Careaga y Basabe**, a primeira enxeñeira española, se licenciara na Escuela Técnica Superior de Ingenieros Industriales de Madrid en 1929.

M^a Teresa Villarino Valdivielso (Lugo, 1943) é a 1^a Enxeñeira de Montes Galega (1969) e das catro primeiras de España, sendo tamén doutoura enxeñeira (1979). Facía 10 anos desde que se licenciara M^a Luisa e a súa promoción foi a 113.

2. Referencias

Fernández García, M. I. e Gómez Fórneas, E. (2022). María Luisa Pérez-Soba. Álbum de Galicia Ed. Consello da Cultura Galega. Accesible en: <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=33509> [Consulta: 9/10/22]. DOI: [10.17075/adg.2022.23818](https://doi.org/10.17075/adg.2022.23818)